



CONVOCATORIA AOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN: VENRES 30.07.10 NA SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO DE PONTEVEDRA ÁS 11 H. ENTREGA DE PETICIÓN CONTRAS AS TOURADAS

Representantes dos 14 grupos convocantes (*) da [MANIFESTACIÓN CONTRA AS TOURADAS](#) do vindeiro Sábado en Pontevedra, presentarán por rexistro da Subdelegación do Goberno de Pontevedra as súas peticións ás distintas institucións implicadas:

- **Ao Goberno central:** os cambios lexislativos necesarios para a abolición das touradas, e que pare a súa promoción e subvencións.
- **Á Xunta de Galicia:** Que expoña e promova a modificación da "Lei 1/1993 de Protección de Animais Domésticos ou Salvaxes en Cautividade" que exclúe no seu artigo 5º as touradas, para que prohiba estas actividades
- **Á Deputación de Pontevedra:** O cese inmediato de axudas indirectas ás touradas por parte desta Institución, principal soporte público na nosa cidade.
- **Ao Concello de Pontevedra:** O cese do uso de espazos públicos para a promoción das touradas, así como a supresión nos programas de festas editados polo Concello. A declaración de Pontevedra como "Cidade Antitouradas e amiga dos Animais", que potencie unha futura reconversión da Praza de Touros, en mans privadas, nun Coliseo para espectáculos culturais e concertos.

Contamos coa vosa asistencia.

(*) APDR , ADEGA, BRIGA, Colectivo Ecoloxista do Salnes, Coordinadora Antitouradas de Pontevedra, CNT , C.S Revira, Galiza Nova, Plataforma Antitouradas de Pontevedra, Nos-Up, Os Chichisos, Protectora de animais "Os Palleiros", Vaipolorio, Verdegaia.

Ver [cartel da manifestación](#)

Ver [Manifesto unitario](#)